

Irlanda na revista *Nós*. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais (II)¹

Ireland in the journal Nós. Notes for a study on cultural relations (II)

Alberto ALLEGUE LEIRA

I.E.S. Moncho Valcarce
Dpto. de Lingua Galega e Literatura

alberto.allegue.leira@udc.es

[Recibido, novembro 2009; aceptado xaneiro, 2010]

RESUMO

A revista *Nós* acolleu regularmente contidos relacionados con Irlanda e coa súa cultura. Foron sobre todo dous os autores que asinaron os traballos, Otero Pedrayo e V. Risco, e a súa atención sobre este país obedece, ademais de consolidar un discurso identitario ligado ao celtismo, tanto a debates internos dentro do nacionalismo de preguerra como á promoción por parte dos ourensáns do exemplo irlandés como modelo estratéxico para o galeguismo durante os anos 20. A visión de Irlanda en *Nós* comeza sendo de carácter político, mais polos intereses dos propios redactores, da revista e da situación política e cultural do momento vai evoluíndo cara a aspectos máis literarios e históricos. Son precisamente eses intereses de Otero e Risco (refrendaren a súa proposta estratéxica dentro do nacionalismo, consolidaren a súa posición) os que fan “adaptar” a realidade irlandesa dos anos 20 a unha visión “acaída” para o público de *Nós*.

PALABRAS CHAVE: Galiza-Irlanda, relacións culturais, revista *Nós*, nacionalismo galego, literatura irlandesa.

ALLEGUE LEIRA, A., (2011): “Irlanda na revista *Nós*. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais (II)”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 13-24.

RESUMEN

La revista *Nós* acogió regularmente contenidos relacionados con Irlanda y con su cultura. Dos fueron principalmente los autores que firmaron estos trabajos, Otero Pedrayo y V. Risco, y su atención sobre este país obedece, además de la consolidación de un discurso identitario ligado al celtismo, tanto a debates internos dentro del nacionalismo de preguerra como a la promoción, por parte de los ourensanos, del ejemplo irlandés como modelo estratégico para el galleguismo durante los años 20. La visión de Irlanda en *Nós* empieza siendo de carácter político, pero por los intereses de los propios redactores, de la revista y de la situación política y cultural del momento, va evolucionando hacia aspectos más literarios e históricos. Son precisamente esos intereses de Otero y Risco (refrendar su propuesta estratégica dentro del nacionalismo, consolidar su posición) los que hacen “adaptar” la realidad irlandesa a unha visión “adecuada” para el público de *Nós*.

PALABRAS CLAVE: Galiza-Irlanda, relaciones culturales, revista *Nós*, nacionalismo gallego, literatura irlandesa.

ALLEGUE LEIRA, A., (2011): “Irlanda en la revista *Nós*. Apuntes para un estudio de las relaciones culturales (II)”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 13-24.

ABSTRACT

The cultural journal *Nós*, during its publication years, regularly featured pieces about Ireland and its culture. The two main contributors to the topic were Otero Pedrayo and Vicente Risco and their interest arose, together with an

¹ Este artigo consta de dúas partes. Neste número publícase a segunda, a primeira parte foi editada no número 13 desta revista.

effort to consolidate a identificatory discourse based on the Celtic strain, from the internal debates within the pre-war nationalist movement as well as the utilization by the two Ourensians of the Irish example as a strategic model for the Galicianism of the twenties. The vision of Ireland reflected in Nós had initially a political slant, but the interests of editors and readership alongside the surrounding political atmosphere led to an evolution towards more literary and historic aspects. Precisely the same interests, shared by Otero and Risco (to reassert their strategic nationalist proposal and consolidate their own position), guided the adaptation of the Irish reality of the twenties to the ‘fitting’ version that reached *Nós* readers.

KEY WORDS: Galiza-Ireland, cultural relations, Nós, galician nationalism, irish literature.

ALLEGUE LEIRA, A., (2011): “Ireland in the journal *Nós*. Notes for a study on cultural relations (II)”. *Madrygal (Madr.)*, 14: 13-24.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. A presenza de Irlanda na revista. 2.a. 1920. 2.b. 1921. 2.c. 1922-1923. 2.d. 1926. 2.d.1. As mudanzas na Irlanda independente e o seu tratamento nos artigos de Risco. 2.e. 1926-1929. 2.f. 1930-1931. 2.g. 1933-1934. 3. Os intereses lectores. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

2.d.1. *As mudanzas na Irlanda independente e o seu tratamento nos artigos de Risco*

Ora ben, voltemos a ollada á Irlanda destes anos 20, a Irlanda do *Free State* que lles tocou vivir a bastantes deses autores de que nos fala Risco. Parece que a tensa relación co novo estado irlandés non era exclusiva de James Joyce dado que, a xulgar polo que nos contan os estudosos (Brown 2004: 35-37, 68-73; Keogh 1994: 28-40; Kiberd 1996: 286-304, 481-496, 551-561), esa Irlanda non debía de ser un bo lugar para escritores en particular e artistas en xeral. O apoio prestado pola Igrexa Católica á hora de lexitimar este Estado Libre, durante e despois da guerra civil, fixo que esta recibira un trato privilexiado por parte dos gobernantes do *Cumann na nGaedheal*, o partido favorábel ao Tratado que se fixo coas rendas do

Estado, gobernantes que partillaban coa xerarquía católica a visión conservadora da sociedade. A moral que promoveu o *Free State* foi aquela da Igrexa católica, de maneira que se criticou e, mesmo, impediu a chegada de modas “estranxeiras” (desde os bailes ao cinema, pasando pola prensa), e foron varias as iniciativas lexislativas emprendidas baixo a presión dos bispos: o establecemento da censura², a limitación das horas para beber ou a prohibición do divorcio. E non é só que o *Free State* se mostrase especialmente conservador en temas morais, senón que parece haber acordo en que a cultura non foi unha das súas prioridades e en que os escritores se encontraron nunha situación difícil, malia o moito que lles debía por chegar a ser. Tras a guerra civil, co IRA aínda como ameaza real para as novas institucións, o goberno acentuou o seu perfil conservador e non se implicou en políticas arriscadas ou ambiciosas, a non ser a política lingüística de recuperación do gaélico. E isto fíxoo por unha necesidade de lexitimación. Fronte ao celo e ao purismo republicano, o *Free State* viu na lingua unha boa ocasión para dar fe do seu nacionalismo e para cumprir un dos puntos do ideario anterior á independencia. Apoiou entón o movemento da *Irish Ireland*, que defendía a necesidade da recuperación da lingua en termos de conservación e control autoritario dunha sociedade cada vez máis anglicanizada. Os partidarios da *Irish Ireland*, que dominaron a escena pública nestes primeiros tempos do *Free State*, concibían a “identidade irlandesa” como única e específica no conxunto de Europa, baseada en tres piares: o pasado celta, o idioma gaélico e a relixión católica. Como xa dixemos, para preservaren esta cultura acharon preciso aplicar un proteccionismo cultural, do cal a censura era outro máis dos instrumentos (Brown 2004: 35 e ss).

Estes cambios na sociedade irlandesa a que antes aludiamos tamén afectaron, e de maneira importante, á Liga Gaélica, que recibiu palabras tan eloxiosas por parte dos galegos. Coa posta en marcha do *Free State*, esta asociación sufriu unha merma importante no número de membros, o que a levou a unha desmobilización. Ora ben, o seu declinio organizativo e activista xa comezara antes da independencia. O que non conta Risco, ao igual

² Sobre os beneficios da censura parece que era amplo o consenso que había entre os diferentes partidos nacionalistas. Cando chegou ao poder en 1932, o Fianna Fáil, o partido que fundara De Valera en 1926, non fixo moito por eliminar a censura, e mesmo a corroborou. En 1934 había 1700 títulos prohibidos en Irlanda, tanto de autores estranxeiros (G. Greene, A. Moravia, A. Malraux, R. Graves, M. de Unamuno!, etc.), como irlandeses (Bernard Shaw, Sean O’Casey, S. Beckett, J. Joyce...). (Keogh 1994: 71-75).

que en 1921 tamén omitira Otero, son as fortes tensións internas que viviu a Liga Gaélica desde os inicios da década de 1910, entre os defensores dunha actitude “*non-political*” e os partidarios dun maior compromiso político e social, que acabaron por impoñer súas teses, levando así a Liga Gaélica a escorar cara á esquerda e aos seus cadros a unha radicalización que cristalizaría no levantamento de Pascua de 1916. Neste debate interno da Liga, o principal defensor da neutralidade no campo político era precisamente un dos fundadores que menciona Risco, Douglas Hyde, quen se viu obrigado a renunciar á presidencia da Liga xa en 1915. Con todo, o discurso promovido pola Liga Gaélica desde a súa fundación en 1893 (a identificación da verdadeira Irlanda co gaélico e a concepción da lingua e a cultura propias como vehículos de expresión, liberación, creatividade e de riqueza) forneceu as bases da política lingüística do *Free State*. De feito, como sinala Risco, o activo membro da Liga Gaélica, que fora na Pascua de 1916 “*chief-of-staff*” dos *Irish Volunteers* (aínda que este é un dato que se omite en *Nós*), Eoin MacNeill, foi designado ministro de Educación no primeiro goberno provisional do *Free State*, se ben delegou a dirección da política lingüística no profesor de Pedagogía do University College, o padre F. Corcoran, S. J. (Brown 2004: 40-48; Kiberd 1996: 152-154). Os anos viñeron mostrar que estas políticas lingüísticas fracasaron, mais nós o que quixeramos subliñar aquí é a que vai ser unha constante deste traballo de Risco: a visión distorsionada da Irlanda de 1926, onde alternan datos da actualidade con institucións ou obras de dez anos antes, ao tempo que se omite, ou contextualiza adecuadamente, información sobre debates ou diferenzas internas do movemento irlandés. Na renascencia dos pobos céltigos que proclama o ourensán en 1926, a Liga Gaélica xa dera por cumprido o seu papel, algo que parece coñecer Risco: o tempo gramatical empregado no texto para se referir ao labor desta asociación é o pasado.

No que se refire aos escritores obxecto do artigo, os autores que durante os anos previos á independencia crearan todo un repertorio de símbolos e discursos que tan útiles foron para a autoidentificación dos irlandeses, e consecuentemente para a

creación do *Free State*³, e que mesmo se comprometeron politicamente na súa creación⁴, estaban agora fronte a unha nova situación, fráxil, radicalmente distinta, e na cal a súa contribución xa non era precisa, nin ben recibida, mesmo se ía na dirección “correcta”. Destes oito escritores polo menos cinco deles mantiñan, ou mantiveran, unha conflitiva relación co nacionalismo, agora no poder, e/ou co *Free State*, como é o caso de W. B. Yeats, J. M. Synge, George Russell ou Lennox Robinson, a máis do xa mencionado James Joyce. Risco non descoñecía esta situación, xa que o menciona no ensaio, mais é chamativa a interpretación que fai dela, porque como recolleemos nas citas, sempre se esforza por demostrar ou xustificar o carácter “nacional”, mesmo nacionalista, de cada autor.

Vexamos cal era a situación que tiñan estes autores na Irlanda dos anos 20, a empezar polo agraciado co Premio Nóbel, W. B. Yeats. Que non vivía na abundancia demóstrao o banquete con que se agasallaron a súa muller e mais el ao saberen da concesión de tal Premio: salchichas. Era o mellor que tiñan na casa (Kiberd 1996: 264). Porén, tampouco é de estrañar, porque segundo o *Catholic Bulletin*, nin o premio nin o premiado valían moito. En opinión desta cabeceira, tratábase dunha sórdida competición anual para acadar cartos, competición establecida por un defunto fabricante de dinamita, con sólida reputación anticristiá, e onde o principal mérito do premiados consistía en faceren demostración de paganismo (Brown 2004: 60-61). Parece que os católicos irlandeses non se alegraron tanto como os redactores de *Nós* pola concesión deste premio ao grande artífice do *Literary Revival*. É certo que o *Free State* promoveu a W. B. Yeats á dignidade de senador, mais parece que a proposta das imaxes que haberían de fixarse nas moedas do novo estado foi das poucas cousas en que lle fixeron caso, xa que el foi o presidente do *Irish Coinage Committee*, en 1927. Na súa condición de senador, coas súas intervencións públicas e coa súa obra poética da década de 1920, Yeats contrariou o discurso oficial da *Irish Ireland* defendendo a tradición angloirlandesa protestante, que encarnaba unha liberdade de consciencia e individual que pouco se respectaba, ao seu ver, no Estado Libre. Tal vez por isto, en 1928, cando correspondía reno-

³ As cruces celtas, a harpa, o trevo, a idealización da vida rural como esencia do irlandés, a identificación do Oeste e das illas como unha arcadía onde se gardaba a “pureza” de Irlanda, a mitoloxía de heroes e nobres (Cuchulain, Cathleen ni Houlihan, presente en *Nós...*), etc. (Brown 2004: 68 e ss).

⁴ W. B. Yeats participou en actos de apoio ao Programa Democrático do *Dáil* de 1919 en Inglaterra (Kiberd 1996: 401).

var o senado, a presenza nel deste Premio Nóbel xa non foi considerada pertinente (Brown 2004: 86, 118-124; Kiberd 1996: 316-326, 414).

Unha mostra desta defensa da liberdade foi a intervención de Yeats na polémica do *Carnegie Libraries' Trust*, unha entidade que promovía e financiaba centros de distribución de libros por toda Irlanda, que tiña un *Advisory Committee* do que era tesoureiro Lennox Robinson, e ao cal tamén pertencían George Russell ou Lady Gregory. En 1924, Lennox Robinson viuse implicado nunha polémica por causa de entregar un relato de tema relixioso para unha revista literaria que, polos vistos, non era do agrado dalgúns influentes católicos. Cando Yeats interveu para defender o seu colega, a polémica foi en aumento, e o resultado non foi moi airoso para os escritores, xa que o tesoureiro tivo que dimitir e o *Committee* acabou por ser suspendido. Con todo, este non foi o único caso en que a obra dos escritores foi “examinada” de maneira rigorosa. Brown recolle como a biblioteca pública de Galway puxo as obras de George Bernard Shaw baixo chave, e mesmo que un tren foi asaltado para proceder á queima de xornais estranxeiros (Brown 2004: 63-64).

Canto a George Russell, a quen Risco cualifica de “sen dúbida nacionalista irlandés”, tamén xogou un papel destacado nesta década de 1920 en Irlanda, mais non precisamente como intelectual “orgánico”. AE foi o director durante estes anos do *Irish Statesman*, a publicación cultural máis interesante da década, en opinión de Brown (2004: 109-118), que se ben nun principio se aliñara con Cosgrave e contra os republicanos, foi sempre unha voz contraria a aqueles aspectos da vida cultural irlandesa que tendían ao exclusivismo, á xenofobia e á imposición cultural. Desde o *Irish Statesman*, George Russell opúxose á *Irish Ireland*, e defendeu unha visión sintética e integradora da súa patria, sinalando e valorando a tradición de expresión inglesa e relixión protestante como parte tamén constituínte da realidade irlandesa. Ademais, entre outras cousas, as páxinas do *Irish Statesman* acolleron as queixas de George Russell ou Sean O'Casey sobre o escaso consumo cultural que había na Irlanda independente, o que obrigaba os artistas a dependeren dos mercados alleos (Brown 2004: 31 e ss).

Precisamente en 1926, cando *Nós* está a publicar este ensaio de Risco e a tradución de Otero, podemos identificar unha serie de feitos que ilustran a difícil situación do escritor no *Free State*. Que eran maos tempos para os libros e de que a “renacencia” estaba en caída libre móstrao o feito de a editora que publicou boa parte das obras do *Revival*, Maunsell and Roberts Ltd., dar en creba en 1926 (Brown 2004: 112). Ese mesmo ano, o Ministerio do Interior creaba un *Committee of Enquiry on Evil Literature*, que contou coa firme oposición do senador Yeats, o primeiro chanzo nunha lexislación que conduciría á *Censorship of Publications Act* de 1929 (Brown 2004: 58; Kiberd 1996: 414). Canto ao teatro, se ben disfrutou de “liberdade” durante a década de 1920, o certo é que se reproduciron os casos de intolerancia de décadas anteriores, e Sean O'Casey viu como o público das súas estreas estaba acompañado pola policía, que con todo non conseguía evitar os tumultos. E como curiosidade, de novo nos encontramos con 1926, porque a estrea de *The Plough and The Stars* de O'Casey tivo lugar en febreiro dese ano.

Así, a modo de síntese do que levamos dito destes artigos risquianos de 1926, podemos recoller algunhas ideas. En primeiro lugar, notamos que Risco coñece datos da Irlanda contemporánea, e que os introduce no seu discurso: a hipótese da vitoria republicana na guerra en relación coas teorías do cooperativismo de George Russell⁵, a condición de ministro de MacNeill, o nomeamento como senador de W. B. Yeats e a oferta de igual dignidade para George Russell, a difícil relación destes autores co seu país... Porén, parece evidente que coñece outros que non quere trasladar, ou sobre os que non quere incidir, como é o caso das tensións dentro da Liga Gaélica e o seu papel esmorecente e residual na década de 1920. Así mesmo, case a totalidade das obras citadas no traballo son anteriores á independencia irlandesa (agás *Chronicles of Rodriguez* de Lord Dunsany, *Deirdre* de James Stephens, e o *Ulysses* de James Joyce), e como vimos este non é un dato sen importancia, xa que ese novo status para a nación modificou radicalmente a posición do escritor na sociedade. Alén diso, estes autores son presentados como os artífices da vangarda literaria, fronte ao esborrallamento do mundo occidental, practica-

⁵ “Os republicans, si houbéran trunfado, pode qu'houberan feito d'elas [as cooperativas] o basamento d'unha nova orgaización social: o Estado Cristián, qu'iles opuñañan ô Estado Capitalista. E pode que n-iste ideal tiveran parte efetiva as ideias de A.E.” *Nós*, nº 27 (15/03/1926), p. 9. O subliñado é noso.

mente en todos eles Risco destaca o seu carácter irlandés, que algúns compatriotas lles negaban, e mesmo informa da súa vinculación co nacionalismo, que como vimos, nalgúns casos nunca existiu, e noutros deixou de existir a partir de 1923. Risco “contextualiza” apropiadamente o autor no seu momento, e se isto non chega, como no caso de Joyce por exemplo, afirma o carácter nitidamente irlandés do escritor, aínda que este non “queira”. Por outra parte, a diferenza do que *Nós* fixo en 1921, nesta serie de artigos os escritores son os protagonistas, algo que é máis propio dun boletín cultural, e duns tempos como os da ditadura primorriverista. Non obstante, tamén é esta unha idea do cenáculo ourensán, a arte, o escritor que intervén como portavoz da nación, situando esta nun lugar preeminente do seu traballo. Ora ben, a visión que nos achega Risco é unha visión distorsionada e interesada, unha imaxe da “moderna literatura irlandesa”, que non da actual (referido a 1926) literatura irlandesa. Os números da revista ourensá de 1926 recollían un estado das cousas anterior, e parece que esta é unha estratexia premeditada, pois como dixemos, o autor dos artigos parece ter datos actuais e significativos da Irlanda do *Free State*.

2.e. 1926-1929

Tras a publicación do texto de Joyce traducido por Otero, no nº 32 (15/08/1926) de *Nós*, xusto un ano despois da reaparición da revista, os contidos referidos a Irlanda encontrámoslos, sobre todo, na sección final “Os homes, os feitos, as verbas”, e se ben non son moi abundantes en número, si que son bastante enriquecedores malia a súa exiguüidade. No nº 35 (15/11/1926), á hora de facer a recensión da obra *Fuxidos*, de López Abente, encontramos unha alusión a un dos autores divulgados no ensaio de Risco dese ano, Synge e a súa obra sobre as illas Arán. S. N., que é quen asina a recensión de “As novelas de Lar”, dinos que esta narración “non é máis que unha siuxela historia d'amores”, aínda que se desenvolve “nun fondo de mar bravo des-

crita con tan gráfica e perfecta sinxeleza, que lembra o das Aran Islands de Synge”, algo que se cualifica de “un acerto mais d'iste poeta do amor que é o López Abente”. No número seguinte, o 36 (15/12/1926), R. Otero Pedrayo escribe sobre “O mes de Santos nos pobos celtas”, onde se trata da vivencia deste tempo en Bretaña, Irlanda, Gales, Escocia, Cornualles e a illa de Man. Non hai alusións literarias, nin á actualidade, nin bibliografía, nin mesmo referencias explícitas a paralelismos obvios entre os diferentes pobos.

Non parece haber dúbidas de que a obra *The Aran Islands* foi de especial agrado para os redactores que *Nós*, porque o ano seguinte, na entrega 45 de *Nós* (15/9/1927), aparece unha recensión moi eloxiosa da obra *As ilhas desconhecidas* do portugués Raúl Brandão, até o punto de o prosista luso ser digno de figurar entre os poetas atlánticos, dado que “*As ilhas desconhecidas* fixonos lembrar mais d'unha vegada *The Aran Islands*, de Synge; un e outro libro conteñen dous anacos do mapa espiritual do noso Atlántico”, e revelan o misterio do Atlántico coas súas viaxes “espirituás”.

No seguinte número en que podemos ler alusións a Irlanda, o 55 (25/07/1928), son dúas as mencións a este país, de novo na devandita sección de “Os homes, os feitos, as verbas”. Por unha parte, baixo a epígrafe “En col d'Irlanda” faise unha breve recensión dos artigos de Plácido R. Castro en *El Pueblo Gallego* sobre o desenvolvemento do Estado Libre de Irlanda, nun ton laudatorio tanto cos artigos coma co Estado Libre, ao tempo que se reconece que “o de Plácido R. Castro é o primeiro labor serio que se fai pra que Galiza coñeza ben como se desenvolve aquíl pobo irmán noso de raza”⁶. Por outra parte, nese mesmo nº 55, no apartado “Letras d'Afora”, redixido por Otero, fálase dun autor irlandés, Liam O'Flaherty, nado precisamente nas Illas Arán. E malia que a presenza deste autor en *Nós* se debe ao seu romance *O Denunciador* (*The informer*, 1925), o certo é que Otero repréndeo por afirmar que Synge dera unha impresión “puramente literaria das illas”. Canto ao *Denunciador*, di Otero que é unha boa obra mais non xenial, e alude a un intermediario e unha revis-

⁶ Estanse a referir á serie de sete artigos que so a epígrafe “Impresiones de Irlanda” Plácido R. Castro publica na cabeceira viguesa entre o 15/06/1928 e o 13/7/1928. Nela, de maneira ampla e rigorosa como é norma nas súas colaboracións en *El Pueblo Gallego*, analiza a historia irlandesa máis recente, a situación política naquela altura, a economía, os principais retos que ten que afrontar o Estado Libre, ou o pesimismo entre os intelectuais (nomeadamente O'Casey e O'Flaherty). Non é de estrañar que en *Nós* se vertan comentarios favorábeis ao Estado Libre Irlandés, xa que nos traballos de Plácido R. Castro a que alude, para alén dun bo coñecemento da Irlanda contemporánea, este autor adopta unha posición abertamente partidaria do Estado Libre, fronte ao discurso republicano.

ta que xa topamos para falar do *Ulysses*, Valéry Larbaud e *Commerce*. Nesta ocasión, informa o público lector de que en tal publicación apareceu unha “cousa” de O’Flaherty, “Bárbara a roxa”⁷.

Como anécdota, podemos dicir que neste mesmo número 55 (25/07/1928) é onde se publica a recensión de *A maorazga* (segunda parte de *Os camiños da vida*), da que se afirma que “Non hai con quen comparalo; e nos lectores sonan o azar os nomes de Reymond, de Joyce, de Dostoyewski, pra que se vexa como é de seu, de úneco, de senlleiro...” E Irlanda está presente nesta II parte de *Os camiños da vida*, xa que no capítulo V, “O tío de fóra”, un dos personaxes, Adrián, estando en París, coñece dous mozos irlandeses, os O’Bryan, que comparten con el o ter unha patria asoballada, lugar a que ha de render visita na III parte do romance, cando no primeiro capítulo, “O coto de Ushna”, nos relate a visita deste personaxe ao solar dos O’Bryan⁸.

E en 1929 serán tres os números que recollan contidos referentes a Irlanda. O 62 (15/02/1929), que na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, nun breve dá conta, en termos moi laudatorios, da publicación da obra de Plácido Castro *La Saudade y el arte en los pueblos célticos*, aludindo aos abondosos exemplos de poetas e escritores irlandeses, escoceses, galeses galegos e portugueses. O 63 (15/03/1929) recolle un artigo bastante chamativo de S. N., titulado “O movemento Pan-Celtista”, onde se dá conta da existencia de “Gorsedd0ö, ou asociación de bardos, en Gales, Cornualles e Bretaña, ao tempo que lamenta que non os haxa nos outros países celtas (Irlanda, Escocia, Galiza). Neste artigo descríbese unha embaixada de bardos disfrazados desde a Bretaña ás illas, e alúdese a que en Irlanda non hai Gorsedd, ora ben, si teñen a Liga Gaélica da que é alma aínda “hoxe” Douglas Hyde. Parece que se equipara esta asociación de bardos cunha entidade como a Liga Gaélica...

O nº 67 (25/07/1929) contén o importante traballo de Vicente Risco “Dedalus en Compostela (Pseudoparfrase)”. No que respecta ao tema que nos ocupa, a presenza de Irlanda na revista *Nós*, esta colaboración de Risco presenta unha novidade

importante a respecto das anteriores, xa que non é nin unha tradución, nin un artigo de divulgación, nin unha noticia sobre a actualidade irlandesa, senón a recreación dunha obra literaria orixinal deste país, concretamente dese escritor de que había que falar “por forza, sen agarradeira posible”, James Joyce. Risco recupera a Stephen Dedalus, á vez o pseudónimo con que Joyce asinara o conto “The sisters” en *The Irish Homestead* e o personaxe protagonista de *A Portrait of the Artist as young man*, personaxe que aparece tamén nalgúns capítulos do *Ulysses*. Nesta “pseudoparfrase”, o autor ourensán tórnase á súa vez en personaxe e mistura os planos do real e do ficticio nun xogo literario singular⁹. En certo sentido, este opúsculo pode ser visto como unha continuación da primeira das obras que vimos de mencionar, o *Portrait*.

Na nosa opinión, “Dedalus en Compostela” ten moita máis relación co *Portrait* que co *Ulysses*, non só porque na súa parte final o narrador (autor?) sinala que leu a primeira obra na súa totalidade, senón polo estilo que imita, o tema que trata, e o xeito en que caracteriza a personaxe. As aparicións do Dedalus no *Ulysses* son a través do monólogo interior, ou ben en conversas con varios personaxes onde o ton é máis “lixeiro”, e o sentido do humor tan singular de Joyce ou a literatura son os temas principais, non a relixión, e o personaxe de Dedalus non parece estar a vivir unha crise que deba ser solucionada cunha decisión radical (a marcha), como era o caso do *Portrait*. Porén, hai información que só aparece no *Ulysses* que é recuperada na obra de Risco, como a morte da nai e o rechazo da relixión na agónica presenza materna por parte de Dedalus, ou a cita de Goethe¹⁰. E tamén achamos no *Ulysses* alusións a boa parte deses autores de que Risco se ocupou en 1926 á hora de tratar da moderna literatura irlandesa (Synge, Yeats, Stephens...).

En todo caso, no diálogo de Risco atopámonos con ese protagonista tal e como aparece na parte V (e final) de *A Portrait of the Artist as young man*, un mozo universitario, escéptico, culto, ansioso de dialogar e discutir ideas trans-

⁷ Cómpre lembrar que *The informer* é unha ollada amarga sobre a Irlanda independente dos anos 20, onde se recrea un medio urbano marcado pola pobreza, atrofiado pola loita de liberación, e trágico no destino dos seus protagonistas. Tal vez por iso as palabras de Otero non son tan entusiastas como as escritas sobre outras obras irlandesas. Sobre O’Flaherty ou *The informer*, entre outros temas, vid. Brown 2004: 142-146; Kiberd 2001: 491-499.

⁸ Para un estudo da presenza irlandesa neste romance oteriano, vid. Fernández Pérez-Sanjulián 2009, especialmente pp. 143-147.

⁹ Para unha análise desta obra, vid. Millán Otero 1996: 765-766.

¹⁰ No capítulo 9 do *Ulysses*, son varias as ocasións en que se glosa e comenta a obra de Goethe.

cedentes, desconcertado, desexoso de liberdade, obsesionado pola cuestión relixiosa... e que decide deixar o seu fogar e o seu país. Daquela, para os coñecedores do *Retrato do artista cando novo*, resultaría verosímil atoparse con Dedalus en Compostela, unha vez que no final desa novela este anuncie a súa partida de Irlanda, e dado que para el o tema da relixión resulta crucial na súa existencia e no seu discurso, e xa sabemos que Compostela e relixión manteñen unha relación, para algúns unha identificación, notábel. Ora ben, se presentamos Compostela, ou Galiza, como o lugar que camiña cara ao non ser, aínda se torna máis verosímil a visita de Dedalus. Porén, non só polos temas hai esa conexión entre a obra de Risco e a novela irlandesa, xa que na parte V do *Portrait* o diálogo sobre cuestións transcendentales (de Dedalus co decano, cos seus compañeiros Lynch ou Cranly) é predominante, e nel o enxeño ou a abstracción son trazos definidores, trazos que tamén concorren no traballo de Risco.

Para alén da relixión, a cuestión nacional é outro tema que aparece no diálogo de Risco con Dedalus. Tal e como anunciaba na obra de Joyce, Dedalus quere fuxir da súa terra, fundamentalmente porque esta o afoga e a liberdade está en se separar dela. A identificación da súa patria coa relixión, e co proxecto de construción nacional, fai que busque a nada e a destrución. Con todo, hai algo en que están de acordo os dous personaxes do texto risquiano, Galiza e Irlanda son lugares que comparten a mesma raza, a celta evidentemente, e o termo “raza” é outra das palabras que ecoan no leitor do *Portrait*, porque Joyce tamén a emprega.

A diferenza do que fixera en 1926, cando Risco atenuara os trazos máis antinacionalistas de Joyce e o presentara como autenticamente irlandés malia a súa vontade, a visión de Dedalus-Joyce nesta obra é xa claramente anti-irlandesa, antinacional. Posibelmente, os coñecementos de Risco, e dos seus lectores, en 1929, facían imposíbel xa a caracterización positiva, en termos nacionais, de Joyce, mais a ficcionalización dos autores en personaxes (tanto Joyce como o propio Risco) era unha boa, senón a única, posibilidade para “readaptalo” aos intereses risquiáns.

2.f. 1930-1931

Neste bienio que tan crucial foi para a historia política e cultural galega, a presenza de Irlanda en *Nós* que quixeramos destacar volta a ser obra de dous homes, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. O primeiro publicou no nº 81 (15/09/1930) as “Notas encol da paisaxe na antiga epopeya irlandesa”. O segundo parece ser o artífice da tradución de varios treitos do *Leabhar Gabhála* ou *Libro das conquistas de Irlanda* (McKevitt 2001: 159-162; Álvarez LUGRÍS 2005: 80-83) que apareceu nos números 86 (15/02/1931), 88 (15/04/1931), 92 (15/08/1931) e 95 (15/11/1931).

O artigo de Otero, como o seu título indica, é un repaso de como se trata a paisaxe e da súa relevancia na antiga literatura irlandesa, mais gustaríanos chamar a atención sobre o seu preámbulo e sobre as conclusións con que Otero o pecha. No primeiro parágrafo do artigo faise unha afirmación importante:

“O renacemento da Galiza ispirose dend'os primeiros días no exempro irlandés. Compre seguir e sosteñer e ampriar aqul pulo. Os pobos da nova cultura precisan d'outras humanidás. E na Galiza é urxente o coñecimento de literaturas como a irlandesa e a lírica medieval galego-portuguesa, simpáticas â i-alma, que na cultura xeneral equilibren pol-o menos o imperio do clasicismo grego e romano e do clasicismo castelán”¹¹.

No seguinte parágrafo, trata Otero a difusión editorial da epopeya irlandesa, ben a través de revistas especializadas, ben a través de coleccións eruditas, ora ben, salienta que son obras de difícil acceso, motivo por que serían pertinentes antoloxías como a publicada en francés polo “ilustre celtista Dottin, de Rennes”. De novo, a mediación francesa, e o proxecto de traduciren/divulgaren textos mancomunadamente.

E na conclusión, incide na relación do antigo co contemporáneo, xa que se pode “notar un certo parentesco entre a maneira dos poemas antigos i-o dos grandes autores de hoxe (J. Joyce, Synge, O'Flaherty por ex.) no tocantes ô sentido da paisaxe.”

Canto ás traducións do *Leabhar Gabhála*, que aparecen sen asinar, veñen acompañadas dunha breve presentación, onde xa se nos dá conta da presenza desta fonte en autores galegos (P. Álvarez

¹¹ *Nós*, nº 81 (15/09/1930), p. 176.

Sotelo, Murguía), explícase o contido e a historia desta narración, infórmase da escolla feita para a tradución (“imos publicar eiquí a versión galeha (sic) dos capídoos XI, XII e XIII, que son os que á raza de Breogán se refiren”), e sinálase a edición do texto a partir da cal se vai realizar, a versión inglesa de Macalister e MacNeill. A continuación preséntase a tradución do Capítulo XI, que continúa no nº 88. A tradución do capítulo XII será recollido no nº 92, e o XIII no nº 95.

Sobre esta tradución do *Leabhar Gabhála* pretendemos destacar dous aspectos. En primeiro lugar que, como vimos, o texto de partida é unha fonte en inglés, como foi no caso da tradución oteriana do *Ulysses* de Joyce, e tamén a bibliografía que se cita, ben na introdución ou ben nas notas a rodapé, é toda ela en inglés ou en alemán. Parece que neste caso a mediación francesa non existe. En segundo lugar, a ausencia case completa de referencias á situación contemporánea.

Kerry Ann McKevitt estudou a tradución do *Leabhar Gabhála*, e para esta investigadora, a tradución obedece á necesidade da Xeración Nós buscar a identidade galega nas orixes míticas, e o *Leabhar Gabhála* ofrecer mostras explícitas da relación entre Irlanda e Galiza que permiten establecer unha relación filial coas supostas nacións celtas. A bibliografía académica citada na introdución viría refrendar, a modo de autoridade, a seriedade desa vinculación. Para alén disto, segundo McKevitt, a tradución tería unha función “domesticadora”, que lle proporciona ao lector a experiencia narcisista de recoñecer a súa propia cultura nun outro cultural, xa que o tradutor leva a cabo un labor de aculturación que domestica o texto estranxeiro, facéndoo intelixíbel e, mesmo, familiar para o lector da lingua receptora.

Canto á cuestión da autoría da tradución, McKevitt conclúe que foi Vicente Risco, e explica o feito de non ser asinada nin atribuída na revista a que desta maneira se minimiza a condición do *Leabhar Gabhála* como tradución, e incorpórase ao repertorio retratándoo como un mito histórico común a Irlanda e Galiza (McKevitt 2001: 155-158, e 159-162 para a cuestión autorial).

En todo caso, resta unha pregunta importante por contestar: por que este texto non foi traducido antes, dado que xa se cita no nº 8, de 1921?

2.g. 1933-1934

Tras a tradución do *Leabhar Gabhála*, e até a tráxica desaparición da revista, as únicas alusións

que volvemos atopar relacionadas con Irlanda están sempre na sección de “Os homes, os feitos, as verbas”, e aparecen no nº 115 (25/06/1933), “A poesía cortesán na Irlanda e Gales”, no nº 122 (15/02/1934), “Novas”, e no nº 130 (01/10/1934), a recensión de “Os evanxeos da risa absoluta por Antón Villar Ponte, Santiago NÓS, 1934”, que asina V. R.

Todas elas teñen escasa relevancia, ao noso entender, agás talvez a última. A primeira que referíamos, “A poesía cortesán na Irlanda e Gales”, faise eco dun número da revista bretoa *An Oaled* onde se fala dos bardos celtas. As “Novas” do nº 122 teñen que ver con Irlanda porque “o goberno libre d'Irlanda vai instalar nun edificio de Phoenix Park de Dublín un Museo do Folklore Irlandés.” E a última da historia de *Nós*, a recensión de *Os evanxeos da risa absoluta* de A. Villar Ponte que aparece no nº 130, ten que ver con Irlanda porque V. R. escribe que “O drama en sí non sabemos se tivo en conta as cousas de Synge, o irlandés, mestre actual d'esta sorte d'obras. É menos singelo e con meirande ambición simbólica.”

3. OS INTERESES LECTORES

Até aquí, viñemos repasando a presenza de Irlanda en *Nós*, e cal era a situación que se estaba a dar neste país no momento en que recibe máis atención por parte da revista galega. Agora quixeramos reparar en cal era o “momento”, a situación en Galiza cando *Nós* ollara para Irlanda, e insistir nas persoas que lle prestan atención.

Un dato importante que non debemos perder de vista é o que mencionabamos máis arriba, o ser *Nós*. *Boletín da Cultura Galega* unha publicación identificada totalmente co “cenáculo ourensán” e actuar como “contrapeso” de *A Nosa Terra*, voceiro identificado coa Irmandade da Coruña. Os autores que asinan as colaboracións en *Nós* sobre Irlanda a comezos da década de 1920 son todos eles axentes relativamente importantes (agás Otero, talvez) no conflito que o nacionalismo galego estaba a vivir a finais de 1921 e comezos de 1922, e que acabaría coa ruptura das Irmandades e a fundación da Irmandade Nazionalista Galega. Como é sabido, ese conflito radicaba na estratexia que deberían seguir as Irmandades nesa altura, se a participación electoral ou o “apoliticismo”, opción esta defendida por Vicente Risco e os seus seguidores. Ese apoliticismo explica Beramendi da seguinte maneira:

Está claro que non era tal senón un nacionalismo radicalizado que rexeitaba os mecanismos establecidos para a participación política no sistema dun Estado que se estimaba alleo. Isto implicaba unha estratexia que, acertada ou errada, era substancialmente política. Pensaban que para acadar a liberación nacional (...), Galicia precisaba un partido nacionalista suficientemente forte para arrancar o autogoberno ó Estado español, pois este nunca o concedería polas boas. Pero esa gran forza política nacionalista tiña que ser asemade motor e produto dunha alta conciencia nacional no pobo galego que, de momento, non existía. Creala esixía, por un lado, unha longa fase de propaganda e organización que posibilitase o enraizamento progresivo do nacionalismo na sociedade galega e moi especialmente entre labregos e clases medias; e por outro lado, manterse durante ese proceso política e ideoloxicamente impermeables ás influencias dominantes dos partidos políticos españois. Unha vez que partido e conciencia nacional acadasen determinada magnitude, estarían en condicións de conquistar a autonomía. Entre tanto, o mellor era salvaguardar a independencia política do nacionalismo e deixar que o apodrecido sistema político do inimigo se cocese no seu propio prebe, minando a súa credibilidade e a súa base social cun abstencionismo electoral activo, isto é, mediante campañas de denuncia da súa corrupción e inutilidade. (Beramendi 2008: 684-685)

Parece evidente que esta estratexia é bastante coincidente con aquela que levou a Irlanda á independencia. Como sinalaba Otero en 1921, todos os intentos irlandeses do XIX, pola vía política (isto é, parlamentar), resultaron inútiles, e só cando a conciencia nacional, traballada durante décadas polo *Literary Revival* e catalizada definitivamente polos mártires da Pascua de 1916, acadou unha fortaleza significativa, foi posíbel constituír un *Dáil* independente e, en expresión oteriana, falarlle a Albión de igual a igual. Que os partidarios da estratexia “apolítica” pensaban desta maneira próbao tamén outro texto (Beramendi 2008: 651 e 674), que seguramente é obra de Ramón Villar Ponte e foi recollido no primeiro número do *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, correspondente tamén ao mes de decembro de 1921. Nel, entre outras cousas, fálase de ignorar as Cortes de Madrid e só concorrer a “eleucións pra unhas Cortes galegas constituintes, que déranlle a Galicia a soberanía complota”. Como en Irlanda.

Visto, por tanto, en que consiste este “apoliticismo”, resulta inevitábel lembrarmos as palabras de Otero e de Risco nese nº 8 (5/12/1921) monográfico

sobre Irlanda, mais traídas ao rego galego: futilidade das estratexias de O'Connell, Parnell ou Redmon, éxito nunha Liga Gaélica que incide na autoconciencia do país. A independencia irlandesa non se logrou pola vía das participacións electorais, senón polo camiño dunha autoconciencia o suficientemente forte que permita acadar o autogoberno por medio dunhas institucións propias. E parece que o destino fixo que o momento decisivo do debate no seo do galeguismo coincidise coa consecución da independencia irlandesa. Era difícil non aproveitaren a conxuntura para contar con máis outro argumento de peso no debate que estaba a vivir o nacionalismo galego na altura de 1921.

Canto a 1926, data en que a literatura irlandesa volta a ter un destacado protagonismo en *Nós*, vemos como os sete actores do nº 8 fican agora reducidos aos dous de sempre, Risco e Otero. Comentamos que en 1926 Irlanda xa dera por rematada a súa guerra civil, e ía camiño da normalidade. O *Free State* estaba a se consolidar, as súas institucións daban mostras dun funcionamento aceptábel, o sangue da guerra ía ficando atrás, e moi axiña, en abril dese ano, De Valera rompería co *Sinn Féin* para aceptar co seu novo partido, *Fianna Fáil*, o marco do Estado (Keogh 1994: 40 e ss). No caso galego, tras o fracaso organizativo da ING, e o frustrante proceso de colaboración coa Ditadura na procura dunha Mancomunidade Galega, o nacionalismo ourensán pensaba de novo na pertinencia dunha reorganización, e o modelo irlandés volve ser un exemplo a seguir (Beramendi 2008: 747 e 752 e ss). É o momento da cultura, desa longa fase de propaganda e organización, e de novo Irlanda serve de preámbulo. Como di Beramendi, ábreanse os “anos da definitiva consolidación da literatura galega moderna” e “os do asentamento de disciplinas como a xeografía, a prehistoria, a arqueoloxía e a etnografía”. Irlanda volve á escena galega non como modelo teórico de concibir a nación, senón como modelo de estratexia para acadar a emancipación nacional por medio de discursos (culturais, simbólicos, históricos) que permitan a autoafirmación, a conciencia, da sociedade galega. Lembremos que Risco insiste, e acomoda, o carácter propiamente “irlandés” dos autores e das obras, e sinala reiteradamente a dimensión “nacional”. E tanto como modelo de estratexia, Irlanda é un argumento de autoridade, xa que malia a súa guerra civil, en 1926 é un Estado que goza da independencia e que, mal que ben, está a culminar un proceso político. O profesor González-Millán, no seu estudo da tradución oteriana, apuntaba este

outro argumento. Entre os obxectivos que procura a xeración Nós coa tradución de Joyce non está tanto a emulación de modelo narrativos alleos, como a revalorización da revista (e dos seus promotores, na nosa opinión) no contexto galego (González-Millán 1989: 43).

Como xa sinalamos, no período que vai de 1926 a 1930 encontramos unha certa continuidade na presenza de obras irlandesas e de Irlanda na revista, con traballos que inciden en dúas liñas: o celtismo que partillan Galiza e Irlanda, e as obras literarias (sobre todo *The Aran Islands*) como paradigma de calidade e interese. Isto vén demostrar que perduran como fonte de prestixio durante estes anos, até o punto de chegaren a forzar a adecuación da obra de Joyce aos intereses de Risco, coa redención de Stephen Dedalus, unha personaxe que era en boa medida o *alter ego* ficcional do seu autor.

E 1931? Sorprende que neses tempos tan convulsos, e exixentes para os seus protagonistas, como foi o final da ditadura e o proceso constituínte no marco republicano, a evocación de Irlanda que regresa ao boletín do cenáculo ourensán teña a ver coa historia antiga, coas lendas celtas e cos fillos de Breogán. Fronte ás implicacións inmediatas no ámbito galego que puidemos recoñecer nas outras presenzas de Irlanda en *Nós*, a lectura “política” en 1931 é máis ben escasa a nivel interno. O que se está a xogar a finais de 1930, e en 1931, é o modelo de estado alternativo á ditadura borbónica, e todo o nacionalismo traballa arreo para lograr un marco federal, ou en todo caso autonómico (Beramendi 2008: 786-806). Hai amplo consenso no ámbito galeguista, ora que non no español. O *Leabhar Gabhála* confirma un discurso identitario galego diferente do castelanófilo e do español. E tal vez, no marco dun debate constituínte, 1931 sexa unha ocasión transcendente para subliñar esta idea. A ausencia de tradutor permite minimizar a dimensión allea do texto, e que este gañe naturalidade na cultura de chegada, a galega (McKevitt 2001: 159-162). Posiblemente tamén demostre que, nesta altura, o(s) tradutor(es) non tiñan necesidade de consolidar a súa posición no ámbito galego como si acontecía en 1921 ou en 1926. Nesta altura, o texto irlandés xoga un papel importante cara a fóra, e xa non nos debates internos do galeguismo.

4. CONCLUSIÓNS

Despois do que levamos exposto, parece plausible afirmar que esa corrente do nacionalismo

galego que se expresou en *Nós* ollou cara a Irlanda de maneira máis ou menos continua, e con información relativamente actualizada. Un dos maiores motivos de interese para eles foi o “modus operandi” do nacionalismo irlandés que acadou a independencia en 1921 coa cultura como unha das pancas decisivas. Como confesa Otero en 1930, e como observamos na década de 20, a estratexia de *Nós* quixo axustarse ao que antes acontecera en Irlanda: desenvolvemento dun discurso cultural e simbólico que servise para o autorrecoñecemento da nación, para pasar, só cando estes obxectivos fosen acadados, a unha intervención na política. Felizmente, das armas nada se di.

A lectura de Irlanda que se fai en *Nós* é manifestamente “distorsionada”. Comprobamos como coñecen datos da actualidade deste país, non obstante, sempre se incide na interpretación desa realidade de maneira que sirva ao discurso nacionalista promovido desde o grupo ourensán. De maneira premeditada, preséntase unha visión “unitaria” do país, e incídese no carácter “nacional” dos autores irlandeses. Sempre que atesoure os que vulgan valores esenciais da nación (algo que non fai O’Flaherty, por exemplo), a súa literatura propónse como modelo de referencia para a creación: *Fuxidos, As ilhas desconhecidas, Os evanxeos da risa absoluta...*

Os estudosos destas relacións insisten moito na dependencia das fontes francesas, en troca, ao mesmo tempo confirman os textos ingleses como partida para as traducións do *Ulysses* ou do *Leabhar Gabhála*, e vemos que na revista *Nós* se cita e manexa bibliografía en inglés e alemán. Na nosa opinión, non deberíamos considerar a importancia das fontes francesas coa ollada do séc. XXI (ou de finais do XX). Para toda a Europa meridional hai cen anos París era o foco superior de cultura e o francés o vehículo de comunicación dos máis diversos campos. Só tras das fontes de información francesa uns poucos intelectuais chegaban a dominar outros idiomas e a aprofundar noutros temas (Cacho Viu 1997: 17-21). Nisto, o caso de Otero e Risco semella paradigmático. Se ben as fontes de información iniciais parecen estar conformadas por bibliografía francesa, as traducións están feitas a partir de textos en inglés, e conforme avanza a década de 20 é máis frecuente achar nos traballos dos galegos fontes inglesas ou irlandesas. A presenza de revistas, edicións ou mediadores franceses non debe ser considerada como unha dificultade ou limitación, senón que a incorporación progresiva de fontes irlandesas corrobora, da parte dos

galegos, un interese e unha vontade constante dun maior coñecemento. Por outra banda, no que respecta ás relacións directas entre intelectuais de Galiza e de Irlanda, na mesma revista *Nós* alúdese a contactos cos irlandeses en 1921, dato que corrobora a escasa correspondencia editada de F. Penzol ou R. Cabanillas. Se estes contactos non se prolongaron no tempo, máis que pola febleza do nacionalismo galego cumpriría explicallo considerando a situación irlandesa: a Guerra Civil dos anos 1922-1923 primeiro, e o isolamento do Estado Libre a respecto de calquera movemento de liberación nacional a partir de 1923. En todo caso, resulta evidente que aínda quedan moitos datos por explicar no que ás fontes se refire, e a figura Plácido Castro como un intermediario de grande valía resulta unha das máis prometedoras.

Os autores que se ocuparon de Irlanda en *Nós* foron, fundamentalmente, dúas das figuras máis destacadas da cultura galega da preguerra, Vicente Risco e Otero Pedrayo, ambos cun grande prestixio tanto no plano literario como no político. É posíbel afirmar que unha das fontes da súa posición sobranceira na cultura, e na política, galega foi a atención que lle prestaron ás culturas alleas e o traballo constante que fixeron para presentalas no ámbito galego. Como demostran os seus traballos sobre Irlanda na revista *Nós*, son axentes case únicos nesta “importación irlandesa”, o que incide na acumulación de prestixio do chamado cenáculo ourensán.

E á hora de facer esta lectura de Irlanda e da súa cultura, con independencia das fontes, semella que os obxectivos que se perseguen son argumentativos e de autoridade no contexto de fortes debates estratéxicos (e ideolóxicos, que nós non trata-

mos)¹² do nacionalismo galego dos anos 20. A relevancia que este país acadou durante a década de 20 outorgáballe actualidade ao modelo, e facíao recoñecíbel ou asumíbel por un público galego máis amplo, non só o interesado en temas “culturais”. Xa en 1930/1931, a presenza de Irlanda parece inserirse nun discurso identitario, non só a nivel interno, e preténdese que o *Leabhar Gabhála* cumpra en Galiza a mesma función que cumpriu en Irlanda, dar fe dunha identidade “histórica” diferente da do colonizador, no momento en que se está a debater o novo marco de relacións entre as nacións do Estado español.

E en todo o que levamos dito, a implicación da cultura/literatura e política é un trazo evidente nos artigos dos anos de preguerra. Porén, non é esta característica propia dunha cultura minorizada, ou en proceso de construción (Figuroa 2001: 142-143). En 1931, nas Constituíntes republicanas, Unamuno, Sánchez Albornoz e Ortega y Gasset, entre outros, defenderon a unidade da patria e a desigualdade xurídica entre o español e outras linguas do Estado, apoiándose entre outros argumentos no discurso histórico que elaboraran nas décadas anteriores (Beramendi 2008: 839-840).

Seguramente aquí resida o grande paradoxo desta estratexia irlandesa por parte dos ourensáns. O traballo cultural e propagandístico dos anos 20 non cristalizou nun *Dáil* galego, senón na consecución de representantes nacionalistas nas Cortes Constituíntes españolas. Afortunadamente para os lectores, o seu labor concretouse en múltiples proxectos, como a propia revista *Nós*, ou os brillantes ensaios e narracións de preguerra, labor que en parte Irlanda axudou a idear.

¹² Sobre as diferenzas ideolóxicas no nacionalismo de preguerra, vid. Beramendi 2008: 501-559; Quintana Garrido 2002, esp. pp. 178 e ss.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ LUGRÍS, A. (2005): “O Leabhar Gabhála en galego. Algunhas cuestións previas”, en GÓMEZ (coord.), ÁLVAREZ / FRAGA / MACCARTHY / MOSCOSO: *A identidade galega e irlandesa a través dos textos / Galician and Irish Identity through Text*. Santiago de Compostela: USC, pp. 74-83.
- BERAMENDI, Justo G. (2008): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- BROWN, Terence (2004): *Ireland. A social and cultural History. 1922-2002*. Londres: Harper Perennial.
- CACHO VIU, Vicente (1997): *Repensar el noventa y ocho*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- DUFFY, Seán (2005): *The concise history of Ireland*. Dublín: Gill and Macmillan.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2009): “Narrativa e construción da identidade: Os camiños da vida de Ramón Otero Pedrayo”, en TATO FONTAÍÑA, L./ TAVARES MALEVAL, M.^a A. (eds.): *Estudos Galego-Brasileiros 3: Lingua, Literatura, Identidade*. Rio de Janeiro: UERJ, pp. 137-151.
- FIGUEROA, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1989): “James Joyce e a Xeración Nós”, en *Grial*, nº 101. Vigo: Galaxia, pp. 29-46.
- KEOGH, D. (1994): *Twentieth Century Ireland. Nation and State*. Dublín: Gill and Macmillan.
- KIBERD, Declan (1996): *Inventing Ireland. The Literature of the Modern Nation*. Londres: Vintage.
- (2001): *Irish Classics*. Londres: Granta.
- MCKEVITT, Kerry Ann (2001): “A tradución dos galegos á historia celta. Apresencia do Leabhar Gabhála en Nós”, en *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. Vigo: Galaxia, pp. 153-167.
- (2003): “Cuestións pasadas por alto: a tradución para o galego do *Ulysses* de James Joyce”, en JOYCE/OTERO PEDRAYO: *Fragmentos de Ulises, 1926*. Vigo: Galaxia, pp. 7-51.
- (2005): “Terence MacSwiney e W. B. Yeats: a poesía traducida de dous nacionalistas literarios en Galicia”, en *Insights into Translation*, vol. VII. A Coruña: UDC, pp. 49-60.
- MILLÁN OTERO, Xosé M. (1996): “Grupo Nós: Vicente Risco”, en VV.AA.: *Historia da Literatura Galega*, vol. III. Vigo: ANT e AS-PG, pp. 738-768.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1992): “El mito del nacionalismo irlandés y su influencia en los nacionalismos gallego, vasco y catalán (1880-1936)”, en *Spagna Contemporanea*, nº 2, Alessandria, Edizioni dell’Orso – Istituto di studi storiche Gaetano Salvemini, pp. 25-58.
- PIÑEIRO, R. (1981): “Documentación epistolar”, en *Grial*, nº 73. Vigo: Galaxia, pp. 309-335.
- QUINTANA GARRIDO, X. R. (2002): “Da cantiga á arenga. Xénese e desenvolvemento do nacionalismo galego (1916-1936: as IF e o PG)”, en *Tempo de sermos. Galicia nos séculos contemporáneos*, CONSTENLA BERGUEIRO / DOMÍNGUEZ CASTRO (eds.). Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 173-226.
- REI, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destierros e saudades*. Vigo: Galaxia.